

The background of the entire page is composed of numerous vertical stripes of various colors, including yellow, orange, red, pink, blue, green, and purple. A solid dark blue horizontal band is positioned across the upper middle section of the page.

Mapas, cosmogonías e puntos de referencia

XUNTA DE GALICIA

John Divola

Fátima Otero



O traballo de John Divola (Los Angeles, EUA, 1949), cuxas obras víronse en diferentes lugares do mundo como Australia, Holanda ou Xapón, en eventos e centros como a Foto Bial de Enschede, o Museo Carrillo Gil da Cidade de México ou o Whitney Museum de Nova York, céntrase na fotografía e na imaxe dixital para revisar a paisaxe, o retrato ou a natureza morta en temas tan variados como límites fronteirizos, transgresións ou crimes.

Inicia a súa carreira coa serie *Zuma*, inspirada en disturbios vandálicos ocasionados nunha casa da praia pero peneirados polo verniz esteticista do traballo fotográfico que caracteriza ao autor. Actualmente é profesor de arte na Universidade de California, en Riverside.

Na serie *Mirrors*, disposta a modo de fotogramas extraídos dos antigos arquivos da compañía cinematográfica Warner Brothers, selecciona escenarios do plató onde se rodaron localizacións moi manidas polo cinema americano dos anos trinta, agora rescatadas pola sensibilidade do fotógrafo. Divola deixa constancia do momento da espera, de todos os detalles configuradores das diferentes tomas, aquilo que *a posteriori* fica máis oculto á retina do espectador. Con isto ironiza sobre o que está detrás, máis alá do aparentemente reflectido. En dito fin actúa de coadxuvante o leitmotiv do espello, tema recorrente en todas as imaxes, con toda a súa capacidade de autorreflexo, de máscara da realidade. A ausencia do relato verbal súplena numerosas pegadas de momentos compartidos nunha cadea de posibles relatos abertos a variadas interpretacións que van máis alá da imaxe en si.

Divola alterna entre dous polos presuntamente encontrados: a extrañeza e o artificial de obxectos como conxelados no tempo creadores de inquietude, e o aparentemente realista próximo ao documental. A cadea secuencial de espazos preséntase como rexión de exploración e curiosidade. Viaxa por interiores de estancias baleiras de actores e actrices, pero colmadas de elementos aparentemente anódinos que suxiren o sentido de vaidade, pero escollidos e pensados para crear unha representación específica dun ámbito social e cultural determinado, dando conta da artificialidade das construcións sociais e ideolóxicas creadas por un medio de comunicación, como é a industria cinematográfica.

Todo o encadramento clásico, desde a súa enmarcación ata a ambientación, remite a vestixios pretéritos de opulencia e ostentación confirmando, aínda máis, a súa fragilidade polo que amosa de fachada decorativa de auténtico escaparate para narrar a utopía dun pasado esplendoroso, de ourope, que roza os límites entre a ficción e a realidade.

O fotógrafo revisa, nesta ocasión, a natureza morta para recuperar non só o carácter alegórico da pintura de xénero tradicional, senón tamén para facer uso das súas posibilidades discursivas. No uso do formato asimila conscientemente a perspectiva ilusionista da tradición pictórica occidental para facer cómplice ao público e convertelo en curioso axexante do que non lle pertence, o que lle permite poder redeseñar o mapa da súa memoria.



El trabajo de John Divola (Los Ángeles, EE UU, 1949), cuyas obras se han visto en diferentes lugares del mundo como Australia, Holanda o Japón, en eventos y centros como la Foto Bial de Enschede, el Museo Carrillo Gil de la Ciudad de México o el Whitney Museum de Nueva York, se centra en la fotografía y la imagen digital para revisar el paisaje, retrato o naturaleza muerta en temas tan variados como límites fronterizos, transgresiones o crímenes.



Mirrors, 1995 // Fotografía blanco e negro enmarcada en madera // 12 elementos de 32 x 37,3 x 4 cm c/u // Colección CGAC

Inicia su carrera con la serie *Zuma* inspirada en disturbios vandálicos ocasionados en una casa de la playa pero tamizados por el barniz esteticista del trabajo fotográfico que caracteriza al autor. Actualmente es profesor de arte en la Universidad de California, en Riverside.

En la serie *Mirrors*, dispuesta a modo de fotogramas extraídos de los antiguos archivos de la compañía cinematográfica Warner Brothers, selecciona escenarios del plató donde se rodaron localizaciones muy manidas por el cine americano de los años treinta, ahora rescatadas por la sensibilidad del fotógrafo. Divola deja constancia del momento de espera, de todos los detalles configuradores de las diferentes tomas, aquello que a *posteriori* queda más oculto a la retina del espectador. Con ello ironiza sobre lo que está detrás, más allá de lo aparentemente reflejado. En dicho fin actúa de coadyuvante el leitmotiv del espejo, tema recurrente en todas las imágenes, con toda su capacidad de autorreflejo, de máscara de la realidad. La ausencia del relato verbal la suplen numerosas huellas de momentos compartidos en una cadena de posibles relatos abiertos a variadas interpretaciones que van más allá de la imagen en sí.

Divola alterna entre dos polos presuntamente encontrados: la extrañeza y lo artificial de objetos como congelados en el tiempo creadores de inquietud, y lo aparentemente realista cercano a lo documental. La cadena secuencial de espacios se presenta como región de exploración y curiosidad. Viaja por interiores de estancias vacías de actores, pero colmadas de elementos aparentemente anodinos que sugieren el sentido de vanitas, pero escogidos y pensados para crear una representación específica de un ámbito social y cultural determinado, dando cuenta de la artificialidad de las construcciones sociales e ideológicas creadas por un medio de comunicación, cual es la industria cinematográfica.



Todo el encuadre clásico, desde su enmarcación hasta la ambientación, remite a vestigios pretéritos de opulencia y ostentosis confirmando más su fragilidad por lo que muestran de fachada decorativa de auténtico escaparate para narrar la utopía de un pasado esplendoroso, de oropel, que roza los límites entre la ficción y realidad.

El fotógrafo revisa, en esta ocasión, la naturaleza muerta, recuperando no sólo el carácter alegórico de la pintura de género tradicional sino haciendo uso de sus posibilidades discursivas. En el uso del formato asimila conscientemente la perspectiva ilusionista de la tradición pictórica occidental para hacer cómplice al espectador, convirtiéndole en curioso fisgón de lo que no le pertenece pero con lo que puede rediseñar el mapa de su memoria.

■ ■ ■

The work of John Divola (Los Angeles, US, 1949), whose photographs has been shown around the world in countries as diverse as Australia, Holland or Japan, in prestigious institutions such as the Enschede Photo Biennial, the Museo Carrillo Gil in Mexico City or the Whitney Museum in New York, is focused on photography and the digital image in order to re-examine landscape portraiture or still life in subject matters as varied as borders and frontiers, transgressions and crime.

Divola began his artistic career with the series entitled *Zuma* inspired by vandalism to a beach house but also filtered through an aesthetic screen of the photographic work that the artist is best known for. He is currently the professor of art at the University of California, in Riverside.

In his series entitled *Mirrors*, composed of still photographs taken from the Warner Brothers archives, he collected a series of hackneyed shots taken from studio sets and on location, from American cinema from the 1930s, rescued here thanks to the artistic sensibility of the photographer. Divola records the moment of waiting, of all the details that are configured in the various shots, something which will subsequently seem somewhat darker to the viewer's eye. In this way Divola seeks to ironically satirise what lies behind these images, beyond what is

apparently reflected. To this end, the leitmotif of the mirror acts as his assistant, a recurring theme in all the images, with their inherent capacity to reflect back, the mask of reality. The absence of a verbal discourse is made up for by numerous vestiges of shared moments in a chain of possible discourses open to various interpretations which go beyond the image itself.

Divola alternates between two supposedly diametrically opposed notions: the strangeness and artificial nature of objects frozen in time, creators of a sense of unease, and the apparently realist concept of the documentary. The sequential chain of spaces is presented as a region for exploration and curiosity. He travels through interiors, through the empty environments of actors, yet brimming with apparently anodyne elements which suggest the sense of vanity, deliberately chosen to create a specific representation of a determined social and cultural sphere, realising the artificial nature of social and ideological constructions created through the communications media, through the film industry.

All the classical elements, from the framing to the setting, echoes back to a forgotten opulence and ostentatiousness which further confirms their fragility through which we see the decorative façade of a veritable showcase for the narration of a utopia of a splendid past, of glitter and glitz, stretching the limits between fiction and reality.

The photographer revisits, on this occasion, the world of still life, recuperating not only the allegorical nature of traditional genre painting but also making full use of all its discourse possibilities. The use of a format consciously assimilates the illusionist perspective of western pictorial tradition in order to make the viewer an accomplice, making them curious voyeurs of what does not belong to them but with which they can redraw the map of their own memories.